

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XERENCIA INTEGRADA DE SANTIAGO SÚMASE Á CAMPAÑA INTERNACIONAL DE CONCIENCIACIÓN DA INSUFICIENCIA CARDÍACA, DECLARADA POLAS SOCIEDADES EUROPEA E ESPAÑOLA DE CARDIOLOXÍA**

- **É a primeira causa de ingreso en maiores de 65 anos e unha das enfermidades cardíacas máis frecuentes e graves. Na maior parte dos casos é consecuencia doutras doenzas como a hipertensión, a diabete e o infarto de miocardio**
- **O Hospital Clínico conta cun proceso de atención á Insuficiencia Cardíaca liderado polos cardiólogos pero no que tamén participan internistas, médicos de familia, de urxencias e persoal de enfermaría especializada, no que xa levan atendidos 3.000 doentes.**
- **Grazas a este programa conseguiuase aumentar a supervivencia máis de dous anos.**

**Santiago, 10 de maio 2018.-** A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago súmase á campaña internacional de concienciación da insuficiencia cardíaca (I.C). A Asociación Europea de I.C. xunto á Sección de Insuficiencia Cardíaca da *Sociedad Española de Cardiología* promoven esta campaña de divulgación ao longo desta semana, na que diferentes cidades europeas iluminarán de vermello espazos públicos e monumentos emblemáticos. En Santiago de Compostela, grazas ao pulo do servizo de CardioloXía da xerencia de xestión integrada, o Pazo de Raxoi na praza do Obradoiro e as Torres Hejduk na Cidade da Cultura, estarán iluminadas de vermello o día 11. Amais apoian esta iniciativa europea organizando actividades informativas dirixidas a pacientes e cidadanía.

A insuficiencia cardíaca é unha das enfermidades cardíacas máis frecuentes e de consecuencias máis graves, é a primeira causa de ingresos en maiores de 65 anos e na maior parte dos casos, consecuencia doutras doenzas como a hipertensión, a diabete e o infarto de miocardio. A proporción de persoas que a padecen aumenta coa idade, chegando a afectar a máis dun 10% e persoas maiores de 75 anos, porcentaxe que vai en aumento debido, principalmente, ao envellecemento da poboación.

Esta enfermidade caracterízase porque o corazón é incapaz de bombear adecuadamente polo que o sangue se acumula nos pulmóns ou noutras partes do organismo dando lugar á falla de respiración e inchazón de pernas, dando lugar a unha limitación importante da calidade de vida e da supervivencia.

Dende hai máis de 10 anos o Hospital Clínico conta cun proceso de atención á insuficiencia cardíaca liderado polo servizo de cardioloXía pero no que tamén participan internistas, médicos de urxencias e de familia e enfermeiras especializadas. Calquera paciente que consulte no se médico de atención primaria por síntomas e signos sospeitosos da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enfermidade será valorado precozmente na consulta de alta resolución do servizo de cardioloxía e, de confirmarse, derivarase á unidade de insuficiencia cardíaca deste mesmo servizo. Esta unidade integrada por dous cardiólogos, e dúas enfermeiras especializadas, leva atendidos preto 3.000 pacientes. A finalidade do proceso é establecer o tratamento médico óptimo o antes posible, instruír aos pacientes sobre o autocoidado para previr as graves consecuencias da enfermidade. Dende o inicio da implantación do proceso reduciuse a estadía media hospitalaria e os reingresos por I.C, e se conseguiu aumentar a supervivencia media dos 5 anos até os 7 anos e medio.

Os expertos insisten na necesidade de adoptar hábitos de vida saudables, consistentes sobre todo no exercicio físico e dieta cardiosaudable para previr problemas de saúde como a obesidade a hipertensión ou a diabetes que son a orixe da maior parte dos casos de I.C. Cunha correcta de prevención e tratamento destas patoloxías, poderían evitarse polo menos as dúas terceiras partes dos casos desta enfermidade cardiovascular.

**Saúdos,**